



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA VACANTE DE ADMINISTRATIVO NO CONCELLO DE ORDES INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2018

(Expdte. 2021/X999/000212)

SEGUNDO EXERCICIO. SUPPOSTOS PRÁCTICOS.

En Ordes, o día 19 de xullo de 2022, sendo as nove horas reuniuse na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, Ordes, o Tribunal que ha de vulgar proceso selectivo convocado para cubrir unha praza vacante de administrativo no concello de Ordes, incluída na oferta de emprego público do ano 2018, convocado por resolución de alcaldía nº 865/2021, de data 18 de agosto de 2021.

Asisten:

- . **Presidente:** Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor Xeral do Concello de Ordes.
- . **1º Vogal:** Juan Francisco González Framil, Técnico Financeiro Tributario da Deputación Provincial de A Coruña.
- . **2º Vogal:** Ana Beatriz Oveja Villafañe, Secretaria do Concello de Tordoia.
- . **3º Vogal:** María Cruz, Andrade García, Secretaria do Concello de Melide.
- . **Secretario:** María Jose Nartallo Penas, Secretaria-Interventora do Concello de Trazo.

Pola Presidencia declarouse constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 8ª (Características das probas selectivas), procédese á corrección e valoración do segundo exercicio, supostos prácticos.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. O criterio esencial de valoración desta proba será a aplicación razoada polos opositores dos seus coñecementos teóricos á resolución dos dous supostos prácticos presentados.

O resultado da corrección do segundo exercicio é a seguinte:

APELIDO S E NOME	DNI	SP1.R1	SP1.R2	SP1.R3	SP1.R4	SP1.R5	SP1.R6	SP1.R7	SP1.R8	SP2.R1	SP2.R2	SP2.R3	SP2.R4
Mato Rivera, Belén	***6163**	0,35	0,50	0,30	0,50	0,50	0,00	0,25	0,00	0,00	0,50	0,50	0,80
Ríos Pena, Xesús Manuel	***6739**	0,30	0,50	0,15	0,50	0,00	0,00	0,25	0,00	0,00	0,00	1,00	0,90

(*) SP: Suposto práctico

(*) R: Resposta a cada unha das preguntas do suposto práctico.

Os ditos resultados motívanse no Anexo I a esta Acta.

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACION SP1	PUNTUACION SP2	PUNTUACION TOTAL
Mato Rivera, Belén	***6163**	2,40	1,80	4,20
Ríos Pena, Xesús Manuel	***6739**	1,70	1,90	3,60

Tendo en conta os resultados anteriores, así como a puntuación mínima para aprobar, o Tribunal acorda declara que non superan o segundo exercicio, supostos prácticos, ningún dos aspirantes que continuaban neste proceso selectivo.

De conformidade co establecido na Base 10ª (Desenvolvemento dos exercicios da proba selectiva) contra os acordos do Tribunal relativos a este segundo exercicio non se admiten



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

reclamacións.

RECURSOS: Contrás os acordos do Tribunal de Selección relativos a este segundo exercicio, supostos prácticos, poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta.

O Presidente,
Javier Siro Suárez Rodríguez
(asinado dixitalmente)

A secretaria,
María José Nartallo Penas



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ANEXO I

MOTIVACIÓN E XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN OUTORGADA POLO TRIBUNAL Á APLICACIÓN RAZOADA POLOS OPOSITORES DOS SEUS COÑECEMENTOS TEÓRICOS Á RESOLUCIÓN DOS DOUS SUPOSTOS PRÁCTICOS PRESENTADOS.

Suposto 1: Valoración total 5 Puntos.

- Pregunta 1. Cal é o título habilitante de natureza urbanística que debe tramitar e outorgar o Concello para autorizar á execución das obras solicitadas Expdte. 100/2022.

Valoración da pregunta: 0,5 puntos.

Os dous aspirantes identifican correctamente o título habilitante (licencia urbanística) con base no artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, pero ningún deles menciona a normativa xeral de ordenación da edificación que é onde se concretan os actos de edificación que precisan de proxecto de obras de edificación.

A aspirante Belén Mato Rivera recibe unha maior puntuación ao sinalar, a maiores do artigo 142 da Lei 2/2016 o artigo do regulamento da Lei do solo que a desenvolve (artigo 351).

Total puntuación:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	0,35	0,30

- Pregunta 2. Cal é o órgano municipal competente para a súa concesión.

Valoración da pregunta: 0,5 puntos.

Os dous aspirantes identifican correctamente o artigo da norma xurídica que outorga ao Alcalde-presidente a competencia.

Total puntuación:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	0,50	0,50

- Pregunta 3. En que órgano municipal podería delegarse a concesión deste título de natureza urbanística.

Valoración da pregunta: 0,5 puntos.

A aspirante Belén Mato Rivera identifica unicamente o órgano colexiado no que pode delegarse con base en que o Concello ten máis de 5.000 habitantes e é necesaria a súa existencia.

O aspirante Xesús Manuel Ríos Pena identifica correctamente ao órgano colexiado, sen xustificar a obrigatoriedade da súa existencia, facendo unha mención xenérica da posible delegación de competencias e non con base no caso concreto. Ao seren un Concello de máis de 5000 habitantes a delegación podería ser na Xunta de Goberno Local ou en algún dos seus membros, indicando o aspirante que unicamente é na X.G.L. ou nos tenentes de alcalde (que sería o caso para Concellos de menos de 5000 habitantes).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Total puntuación:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	0,30	0,15

- Pregunta 4. Cal é o prazo para a concesión deste título de natureza urbanística.

Valoración da pregunta: 0,5 puntos.

Os dous aspirantes identifican correctamente o prazo para a súa concesión aplicando correctamente o artigo 143.2 da Lei do Solo.

Total puntuación:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	0,50	0,50

- Pregunta 5. Cal é a data a partir da que se inicia o cómputo do prazo de resolución no Expdte. 100/2022.

Valoración da pregunta: 1 punto.

A aspirante Belén Mato Rivera identifica, en principio, correctamente, a data a partires da cal iniciaría-se o cómputo do prazo de resolución do expediente (07/03/2022), pero o seu razoamento é incorrecto, non xustificando correctamente o precepto legal que determina que sexa esa a data de inicio.

O aspirante Xesús Manuel Ríos Pena non fai referencia a data algunha, facendo unicamente unha referencia á norma legal (artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia).

Total puntuación:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	0,50	0,00

- Pregunta 6. Pode entenderse concedido por silencio administrativo positivo o título habilitante de natureza urbanística solicitado.

Valoración da pregunta: 0,5 puntos.

A aspirante Belén Mato Rivera aplica incorrectamente o artigo 24.1, parágrafo 2, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen ningún razoamento xurídico.

O aspirante Xesús Manuel Ríos Pena fai referencia ao 24.1, parágrafo 1, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen ningún razoamento xurídico.

O réxime xeral do silencio administrativo en procedementos iniciados a solicitude do interesado, no caso das licencias urbanísticas, está matizado polo establecido no artigo 143.1, parágrafo 2, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

Total puntuación:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	0,00	0,00



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

- Pregunta 7. .- Que resolución debería ter adoptado o Concello en relación coa solicitude do Sr. X no Expdte. 100/2022.

Valoración da pregunta: 0,5 puntos.

Ámbolos dous aspirantes fan mención á posibilidade de que o Concello ditase unha resolución de ter por desistido ao interesado da súa solicitude ao ter incumplido o prazo de emenda establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

No entanto, o Concello debería ter ditado unha resolución expresa denegando a ampliación de prazo, a resolución dando por desistido ao interesado ou a resolución estimatoria ou desestimatoria da licencia.

Total puntuación:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	0,25	0,25

- Pregunta 8. .- Cal é a infracción do ordenamento xurídico alegada polo Sr. X que pode dar lugar á nulidade do expediente de protección da legalidade urbanística.

Valoración da pregunta: 1 punto.

Ningún dos aspirantes identifica correctamente a infracción do ordenamento xurídico que pode dar lugar á nulidade do expediente de protección da legalidade urbanística.

A competencia para incoar os expedientes de protección da legalidade urbanística corresponde ao alcalde, e a delegación descrita no suposto é xenérica e non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Tampouco existe unha delegación expresa para a tramitación e resolución destes concretos expedientes.

Total puntuación:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	0,00	0,00

Total puntuación 1º suposto práctico:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	2,40	1,70

Suposto 2: Valoración total 5 Puntos.

C/. Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680 - Teléfono 981 68 00 02 - Fax 981 68 22 21



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

- Pregunta 1. Que clase de tributo debe aprobar o Concello para financiar os gastos derivados da dirección de obras municipais. Cal é o seu feito imponible. Cal é o importe máximo que podería esixir a cada suxeito pasivo o Concello por este tributo.

Valoración da pregunta: 1 punto.

Ningún dos aspirantes identifica correctamente cal é o tributo municipal que é obxecto de aprobación na ordenanza fiscal do suposto práctico.

Artigos 2.1.b), 20.1 e 24.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, TRLRFL.

Total puntuación:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	0,00	0,00

- Pregunta 2. Que recurso administrativo pode interperse pola empresa X contra o acordo de aprobación da ordenanza fiscal.

Valoración da pregunta: 0,5 puntos.

A aspirante Belén Mato Rivera responde correctamente identificando que non cabe recurso administrativo sinalando e aplicando correctamente a lexislación nesta materia.

O aspirante Xesús Manuel Ríos Pena responde incorrectamente indicando a posibilidade de interpor recurso administrativo potestativo de reposición, aplicando incorrectamente a lexislación nesta materia.

Total puntuación:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	0,50	0,00

- Pregunta 3. Que infraccións do ordenamento xurídico aprecia no expediente de tramitación da ordenanza fiscal deste tributo municipal, e cal é a consecuencia que determina a existencia dos mesmos.

Valoración da pregunta: 2,5 puntos.

A aspirante Belén Mato Rivera identifica o incumprimento dos prazos de notificación e convocatoria da sesión extraordinaria e o incumprimento dos prazos de exposición ao público da ordenanza fiscal. Identifica correctamente a concreta causa que determina a nulidade.

O aspirante Xesús Manuel Ríos Pena identifica o incumprimento dos prazos de notificación e convocatoria da sesión extraordinaria, o incumprimento dos prazos de exposición ao público da ordenanza fiscal e a irretroactividade da ordenanza. A maiores, e aínda que non se pronuncia sobre a posibilidade de que a sesión sexa telemática, sinala que os concelleiros non poden estar no estranxeiro. Identifica correctamente a concreta causa que determina a nulidade.

Non se identifican polos aspirantes outras infraccións existentes na convocatoria da sesión e outras infraccións na tramitación do expediente de ordenanza fiscal e a documentación que a debe integrar.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Total puntuación:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	0,50	1,00

- Pregunta 4. Pode o funcionario denegar ao concelleiro o acceso ao expediente tramitado para a aprobación da ordenanza fiscal.

Valoración da pregunta: 1 puntos.

A aspirante Belén Mato Rivera responde a esta pregunta aplicando o artigo 84 do ROF.

O aspirante Xesús Manuel Ríos Pena responde á pregunta aplicando o artigo 46.2.b) da LBRL e 84 do ROF.

Ningún dos aspirantes fai mención ao artigo 15.b) do ROF onde se regula de xeito expreso este concreto dereito de acceso do Concelleiro á documentación municipal.

Total puntuación:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	0,80	0,90

Total puntuación 2º suposto práctico:

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	1,80	1,90

TOTAL PUNTUACIÓN SEGUNDO EXERCICIO (SUPOSTOS PRÁCTICOS):

	Belén Mato Rivera	Xesús Manuel Ríos Pena
Puntuación	4,20	3,60